

## Asunto: **INSCRICIÓN ABERTA NO PROGRAMA MOCIDADE ACTIVA**

O Concello de Fene mantén un convenio para a xestión compartida cos concellos de Mugaros e Neda para o cofinanciamento de proxectos de **prevención de condutas aditivas** promovidos por concellos ou agrupacións de concellos da Comunidade Autónoma de Galicia.

Este convenio desenvólvese a través da Área de Benestar e Igualdade en colaboración coa Consellería de Sanidade, no que se enmarca, entre outros, o programa de Mocidade Activa polo que remito información, para a súa difusión.

Este programa é un espazo no que se desenvolven accións lúdicas- educativas orientadas á rapazada, con idades comprendidas os 11 ata os 16 anos.

Ofertanse catro grupos, dos en Fene, un en Mugaros e outro en Neda, cunha duración quincenal en cada quenda.

As prazas están limitadas a 10 por grupo para poder garantir un espazo , dinámico e participativo, buscando a interacción.

Neste espazo as actividades a abordar, entre outras son: rutas guiadas, obradoiros ao aire libre relacionados co medioambiente, deportes locais, tradicionais e acuáticos, xogos colaborativos, radio, fotografía.... Todo isto abordarase tendo en conta as emocións e necesidades que nos espertan, valorando así o noso benestar a través do uso saudable do ocio.

O período de inscrición está aberto **ata o 28 de xuño** ou ata que se cubran as prazas por orde de inscrición.

As solicitudes se realizarán enviando o formulario de inscrición cuberto a través do enderezo electrónico: [servizos.sociais@fene.gal](mailto:servizos.sociais@fene.gal)

A técnica responsable de coordinar o programa é a pedagoga e técnica en prevención de condutas adictivas M<sup>a</sup> José Paz Rodríguez.

Acompáñase noutro documento cartel e ficha de inscrición.

Para calquera información dirixirse a:

CENTRO MUNICIPAL DE SERVIZOS SOCIAIS - AREA DE BENESTAR SOCIAL E IGUALDADE

Avda.do Mar, Bloque 1, Baixo - San Valentín

Teléfonos: 981.492.706 / 981 342607

Web:<http://www.fene.gal>